



### **BASES REGULADORAS PARA COLOCACIÓN DE POSTOS NA I ROMARÍA FEMINISTA DE BARBADÁS**

#### **1.- OBXECTO**

O concello de Barbadás, a través das concellarías de Igualdade e Cultura organiza a I Romaría Feminista de Barbadás que ten por obxecto reflexionar sobre distintos aspectos relativos á igualdade de xénero, promocionar ás músicas galegas e visibilizar e promocionar actividades realizadas por mulleres.

Estas bases pretenden regular as condicións de participación para poñer un posto no espazo destinado a tal fin dentro da Romaría.

A Romaría terá lugar o sábado 29 de setembro na área recreativa da Calzada Romana situada á beira do río.

A inscrición para colocar un posto supón a aceptación das presentes bases.

#### **2.-CONDICIÓNS PARA POÑER UN POSTO**

Poderán poñer un posto todas as mulleres que pretendan amosar a súa actividade sexa esta de carácter artístico, artesanal, comercial, informativo ou outro que se considere acaído en relación á Romaría, ate completar aforo.

Para poder poñer un posto é necesario inscribirse no servizo de Igualdade a través do correo electrónico [igualdade@barbadas.gal](mailto:igualdade@barbadas.gal) aportando os datos recollidos no anexo 1 antes do día 10 de setembro.

As mulleres que poñan un posto, deberán aportar o material necesario para o mesmo e colocalos antes das 11h do propio día da celebración da Romaría. Cada posto deberá contar con algún detalle de cor lila.

A cada unha das inscritas asignaráselle un número que indicará a súa colocación no espazo correspondente.

Recolleranse os postos unha vez finalizada a xornada de mesas de debate, en torno ás 20h. Cada participante comprométese a manter o espazo nas condicións de limpeza axeitadas ao tratarse dun entorno natural.

O Concello non se fai responsable dos materiais, produtos ou mobiliario achegados por cada participante.



### **3.-NORMAS XERAIS**

A participación cun posto na I Romaría Feminista de Barbadás supón a aceptación das presentes bases así coma a aceptación do criterio que estableza a organización para resolver cantas cuestións se producisen durante o desenvolvemento da Romaría Feminista.

En cumprimento do Regulamento Xeral de Protección de Datos (Rgto UE/2012/679), informase de que os datos que se faciliten para participar son necesarios para a organización, e que serán incorporados na base de datos do Concello unha vez finalizada a mesma.

En Barbadás, 7 agosto 2018



**ANEXO**

**I ROMARÍA FEMINISTA DE BARBADÁS**

<b>PERSOA RESPONSABLE DO POSTO</b>	
<b>NOME:</b>	
<b>DNI:</b>	
<b>TELEFONO/S DE CONTACTO:</b>	
<b>NOME DA EMPRESA, ASOCIACIÓN, ENTIDADE, ...:</b>	
<b>MEDIDAS DO POSTO:</b>	

<b>INFORMACIÓN SOBRE O POSTO</b>
Tipo de material que se vai expoñer/presentar, ...

<b>OUTRAS OBSERVACIÓNS QUE QUEIRAS FACER</b>



## **CONCELLO DE BARBADÁS**

---

